

**EXPEDIENTE: 263/2024**

**PROCEDEMENTO: LICITACION OBRAS PÚBLICAS**

**ASUNTO: ABERTO SIMPLIFICADO - BEIRRARRUAS NA LAGOA (SAN COSME) E OUTROS POS\_ADICIONAL\_2\_2023\_PASS**

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA NECESIDADE CONTRATACIÓN**

### **1. Introducción**

Memoria xustificativa da contratación da obra comprendida no POS ÚNICO CONCELLOS ADICIONAL 2/2023 da Deputación da Coruña, consonte co acordo plenario de participación no mesmo de data nove de febreiro de 2023.

### **2. Descrición da situación actual**

As obras para executar enmárcanse na necesidade do Concello de Outes de proceder ao mantemento das infraestruturas da súa titularidade, de acordo co previsto nos artigos 25.1.d) e 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no marco das previsións contidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Neste caso concreto, as infraestruturas a mellorar son: pavimentación camiño subida a Gulfián (San Cosme), pavimentación viario da estrada xeral ao lugar de Bendimón, parroquia de Roo e a dotación de beirarrúas no lugar de Lagoa, parroquia de Outeiro (San Cosme), polo que procede a colaboración entre ámbalas institucións para a execución das obras proxectadas.

### **3. Obxecto do contrato**

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN €</b>
<b>BEIRRARRUAS NA LAGOA (SAN COSME) E OUTROS</b>	<b>Valor estimado: 37.216,27 € Orzamento de licitación (ive incluído): 45.031,69 €.</b>

### **4. Análise Técnica das Obras**

A viabilidade técnica das obras está xustificada no proxecto técnico redactado e asinado por D. Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, polo que estas executaranse consonte coas prescricións técnicas que figuran no citado proxecto técnico.

### **5. Análise Económica: Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira**



A execución das obras contempladas neste expediente, e que teñen por obxecto levar a cabo actuacións de pavimentación camiño subida a Gulfián (San Cosme), pavimentación viario da estrada xeral ao lugar de Bendimón, parroquia de Roo e a dotación de beirarrúas no lugar de Lagoa, parroquia de Outeiro (San Cosme), infraestruturas xa existentes e de titularidade municipal, non presupón en ningún caso aumento algún dos gastos, senón todo o contrario: como consecuencia da existencia da infraestrutura é preciso un mantemento da mesma, polo que as obras contempladas, a pesar de non xerar ingresos, reducirán substancialmente os gastos de mantemento derivados da deterioración natural dos investimentos co paso do tempo.

De cumprirse as previsións, a realización deste investimento durante a súa execución, mantemento e liquidación non comprometerá o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nin de débeda pública do Concello, así como tampouco do período de pago a provedores.

Por outra banda, debemos realizar as seguintes observacións:

- En canto á competencia municipal para a execución das obras cuxo financiamento se solicita, é necesario indicar que a pavimentación de vías públicas é un servizo de prestación obrigatoria para todos os municipios, en aplicación do artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.
- O Concello de Outes está ao corrente nos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social, tal e como se desprende dos certificados emitidos ao respecto pola Axencia Estatal de Administración Tributaria AEAT.
- A previsión sobre o prazo de execución do investimento, atendendo ao proxecto técnico que o define, é de 6 meses.

Polo tanto e, en observancia de todo o anteriormente exposto, podemos concluír, en canto á proxección dos efectos orzamentarios e económicos do proxecto, que non terán consecuencias relevantes nin orzamentarias nin económicas para os ingresos e gastos de exercicios futuros.

## **6.- Procedemento de adxudicación e xustificación do mesmo**

O procedemento de contratación que se realizará para a licitación das obras comprendidas no Plan, será o PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, na súa modalidade de PROCEDEMENTO SUMARIO OU SUPERSIMPLIFICADO, de acordo coas previsións contidas no artigo 159.6 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público. A esolla deste procedemento xustifícase polo importe do valor estimado do contrato, xa que non supera os 80.000 euros e tamén que non se restrinxe en ningún caso a publicidade nin a libre concorrència dos licitadores.

Desta forma, no momento de adaptar os pregos-tipo da Deputación da Coruña, aplicaranse os criterios de adxudicación cuantificables mediante aplicación de fórmulas ou operacións de cálculo matemático, tal como esixe o apartado c) do



xa citado artigo 159.6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

## **7. Execución por lotes.**

Partindo de que este proxecto constitúe unha unidade técnica, para os efectos da contratación, xustifícase a non división en lotes polas seguintes razóns:

- a) A división en lotes tería un importante custo económico para o Concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo.
- b) Incrementaríase o número de expedientes da licitación que o Concello tería que realizar, co consecuente custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
- c) A división en lotes supoñería un atraso na adxudicación dos investimentos e, por tanto, na súa execución.
- d) A dirección técnica das obras complicaríase debido ao incremento do número de contratistas adxudicatarios como consecuencia da división en lotes, o que ademais dificultaría a necesaria coordinación da execución dos distintos investimentos.

## **8. Execución.**

O proxecto conta cun prazo de execución de 6 meses.

## **CONCLUSIÓN.**

**Con base no anteriormente exposto, enténdese debidamente xustificada a tramitación do correspondente expedientes de contratación para a licitación da obra citada no encabezamento, na forma e coas características descritas.**

Outes, na data que figura na marxe;

O alcalde

Asdo. Manuel González López

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

